



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-211 San Pedro (N-VI)- A Pasaxe (N-VI), treito: O Burgo-A Pasaxe
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-504 Sanxenxo-Vilalonga
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-308 Pontevedra (PO-531)-A Lanzada (VG-4.1)
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-549 Vilagarcía de Arousa (PO-301)-Cambados (V.G.4.3)

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Galega para a Tutela de Adultos sobre financiamento e mantemento da fundación
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Manzaneda para a reserva e ocupación de prazas no centro de atención a persoas maiores Gabino García, dependente do concello



- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Crecente para a reserva e ocupación de prazas no centro de atención á terceira idade residencia municipal San Pedro de Crecente

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia para a realización de obras de primeiro establecemento, conservación e mellora dos acuartelamentos da Garda Civil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Boiro (A Coruña) para a realización da primeira fase do centro sociocultural e de usos múltiples de Abanqueiro

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económico (IGAPE) e a Fundación Ceaga para a posta en marcha do Plan Estratéxico do Sector de Automoción en Galicia (PESA)
- Acordo polo que se autoriza o Igape a conceder unha subvención superior a 3 millóns de euros ao proxecto de investimento que se realizará pola sociedade *Infinita Renovables, S.A.*, ao abeiro da resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do IGAPE e proxectos empresariais de investimento

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a dotación dun aparcadoiro no edificio CIBUS
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 14.468.482,16 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes na Coruña, zona norte
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 16.694.507,93 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes na Coruña, zona sur



- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 13.384.931,50 euros, correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes en Lugo, zona norte
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 13.898.630,13 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes en Lugo, zona sur
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 16.980.821, 92 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes en Ourense
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía 11.728.758,12 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes en Pontevedra, zona norte
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 11.043.827,12 euros correspondente á obra de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes en Pontevedra, zona sur

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo, para levar a cabo actuacións de promoción, consolidación, reordenación e desenvolvemento no Campus de Pontevedra
- Acordo de financiamento dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e de recoñecemento polos cargos de xestión
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para crear as condicións e facilitar os medios para impulsar a adaptación ao espazo europeo de educación superior, mediante a realización de proxectos e iniciativas destinadas a tal fin

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas para executar os compromisos establecidos no Plan Galego



de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT), en relación coa función das OTRIS nos Sistema Galego de Innovación

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Corporación para o Desenvolvemento do Territorio dos ríos Chanchán e Chimbo e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para promover o proceso de desenvolvemento rural neses territorios

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se aproban os estatutos da Fundación Illa de San Simón e se autoriza a Consellería de Cultura e Deporte para o outorgamento da carta fundacional e para a realización dos trámites necesarios para a súa constitución

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto, do 29 de abril de 2005, subscrito entre o Sergas e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol, do que depende o Hospital Juan Cardona, pola que se amplía o importe máximo establecido para o ano 2006 en seiscentos cincuenta mil euros (650.000 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao concerto asinado o 8 de marzo de 2004 entre o Sergas e o Hospital Miguel Domínguez S.L. para a realización de procesos asistenciais médico-cirúrxicos na área sanitaria de Pontevedra Norte

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha acta complementaria para a prórroga do convenio de colaboración asinado o dous de abril de 2004 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar–Fundación CETMAR, para o desenvolvemento do programa Agureg en Galicia

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) para a construción dunha planta de transferencia de residuos sólidos urbanos e ampliación de capacidade das actuais, por importe de oitocentos cincuenta mil euros (850.000 €)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Rianxo para a construción dun punto limpo, por importe de douscentos trinta e catro mil cincocentos sete euros con sesenta céntimos
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Bande para a construción dun punto limpo por importe de douscentos dezaioito mil setecentos oitenta e oito euros con trece céntimos (218.788,18€)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible co Concello do Carballiño para a recuperación de espazos degradados por puntos de vertedura incontrolada, por importe de trescentos sesenta e dous mil oitocentos noventa e catro euros con dezanove céntimos (362.894,19 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Negueira de Muñiz para a execución das obras: Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma mellora do abastecemento en Negueira de Muñiz. Negueira de Muñiz (Lugo), clave OH.227.480, por importe de douscentos noventa e nove mil novecentos setenta e cinco euros (299.975,00 €)

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Maceda para a erradicación do chabolismo
- Acordo polo que se autoriza a resolución pola que se encarga á empresa pública *Xestur Coruña S.A.* a xestión urbanística e a adquisición de terreos no campus universitario de Elviña, con destino a usos universitarios
- **Acordo polo que se autoriza a resolución pola que se encarga á empresa pública *Xestur Coruña S.A.* a adquisición de terreos do solo residencial incluído no Plan Parcial de ordenación do sector de Bertón PP-1-R de Ferrol**

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**



- Informe sobre distribución do Fondo Europeo de Pesca

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre distribución dos fondos estruturais

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Informe polo que se dá conta da obra de emerxencia: Plan de saneamento. Actuacións de emerxencia de inmediata execución de obras de mellora na rede de saneamento no cabo e no colector xeral de Marín para solucionar as verteduras ao banco marisqueiro dos Praceres. Marín (Pontevedra), clave OH: 336.700, por importe de douscentos dezaseis mil seiscentos seis euros e vinte e un céntimos (216.606, 21)



## **O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA AC-211, NA PROVINCIA DA CORUÑA**

- ***O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora***

O Consello da Xunta de hoxe declarou a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na AC-211 San Pedro (N-VI) – A Pasaxe (N-VI), vía en que se sitúa un dos treitos de concentración de accidentes sobre os cales está a actuar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. A mellora da seguridade acometerase no treito entre O Burgo e A Pasaxe, no concello de Culleredo, onde se investirán 1,377.239,68 euros, pero suporá beneficios para a poboación de toda a área metropolitana da Coruña.

O elevado tráfico e as características particulares da AC-211 supuxeron a catalogación deste treito da estrada como un TCA (treito de concentración de accidentes). Ademais, polas características dos tráficos dos usuarios deste treito obsérvanse, na actualidade, varias deficiencias tanto para o tráfico rodado como para o peonil. En consecuencia, decidiuse o acondicionamento do treito da vía diferenciando dous tipos de actuacións: por unha banda, o cambio de trazado e implantación de glorietas, e por outra o cambio de sinalización e construción de pequenas obras como illas ou medianas para regular e ordenar o tráfico. Estas actuacións acometeranse ao longo de 14 meses.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DE TREITOS EN TRES ESTRADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

- ***Trátase de tramos nas estradas Vilagarcía de Arousa-Cambados; Sanxenxo-Vilalonga; e Pontevedra- A Lanzada***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 5.149.000 euros na mellora da seguridade viaria en varios treitos das estradas PO-504 Sanxenxo-Vilalonga, PO-308 Pontevedra-A Lanzada e na PO-549 Vilagarcía de Arousa-Cambados.

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar a utilidade pública e a urxente ocupación de bens e dereitos afectados polas obras que se realizarán nas citadas estradas.

Respecto ás actuacións na PO-549, entre Vilagarcía de Arousa e Cambados, Política Territorial prevé realizar obras de mellora da seguridade viaria para a eliminación dun tramo de concentración de accidentes entre os puntos quilométricos 2,9 e 4,7. Este treito configúrase como dúas longas rectas con curvas illadas nunha zona con vivendas en ambas marxes e un elevado número de cruzamentos. A CPTOPT investirá 1.260.000 euros na mellora de dez interseccións e na construción ou mellora de catro glorietas.

No que atinxe á PO-504, que une as localidades de Sanxenxo e Vilalonga, a Consellería de Política Territorial ten previsto actuar nas conexións doutras estradas e camiños con esta vía. Neste senso, construíranse tres novas glorietas para a distribución do tráfico e implantaranse cinco carrís centrais de xiro á esquerda para a realización de cambios de sentido. Tanto as glorietas como os carrís para o cambio de sentido estarán dotados de sistemas de rega e iluminación. Así mesmo, colocárase unha nova capa de rodadura ao longo dos 4,3 quilómetros de percorrido da estrada. O orzamento total para estas obras ascende a 2.935.000 euros e o seu prazo de execución, unha vez adxudicadas, será de dez meses.

Doutra banda, a Consellería investirá 954.000 euros en actuacións destinadas a incrementar a seguridade viaria na estrada PO-308 Pontevedra-A Lanzada ao seu paso polo concello de Poio (concretamente entre os puntos quilométricos 4,2 e 7,6). Trátase dun treito de características urbanas, como é o caso da travesía de Combarro, no cal se adoptarán medidas como a implantación dunha senda peonil que permitirá a mobilidade dos peóns e a prolongación das beirarrúas existentes.





## **A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR ACHEGA 500.000 EUROS PARA O FUNCIONAMENTO E O MANTEMENTO DA FUNDACIÓN GALEGA PARA A TUTELA DE ADULTOS**

- ***Esta fundación ten por misión exercer a tutela das persoas maiores de idade, incapacitadas legalmente, que carecen de familia***
- ***A Xunta impulsará medidas como está ao abeiro da Lei de Dependencia, que entrará en vigor o 1 de xaneiro***

O Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Galega para a Tutela de Adultos (Funga) para financiar o seu funcionamento e mantemento durante 2007. Este departamento autonómico investirá unha partida global de 500.000 euros para financiar esta iniciativa.

A través deste orzamento refórzase esta fundación con vistas á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes -Lei da Dependencia-, xa que este organismo desenvolve un traballo crucial na atención ás persoas adultas con dependencia. Esta lei, impulsada desde o Goberno Central, entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro.

Mediante este convenio, a Fundación Galega para a Tutela de Adultos disporá do orzamento suficiente para lles dar cumprimento aos seus obxectivos. A Funga ten por misión exercer a tutela das persoas maiores de idade, incapacitadas legalmente, que carezan de familia ou institucións idóneas, sempre que unha autoridade xudicial así o determine. Outra finalidade da Funga é fomentar e desenvolver todas as accións que se dirixan á integración e normalización dos adultos que tutele.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 385.000 EUROS NO FINANCIAMENTO DE 35 PRAZAS EN RESIDENCIAS PARA MAIORES DE CRECENTE E MANZANEDA**

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará con estes dous concellos cadanseu convenio para a reserva e ocupación destas prazas***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura das prórrogas a dous convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos de Manzaneda (Ourense) e Crecente (Pontevedra), respectivamente, para a reserva e ocupación de prazas en centros de maiores municipais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina así 208.873 euros á reserva e ocupación de 18 prazas para maiores en situación de dependencia no Centro de Atención a Persoas Maiores Gabino García dependente do Concello de Manzaneda. Pola súa parte, o Concello de Crecente recibirá 177.512 euros para a reserva e ocupación de 16 prazas, 15 para persoas con dependencia e unha con autonomía, na Residencia Municipal San Pedro de Crecente.



## **A XUNTA ACHEGARÁ UN MILLÓN DE EUROS PARA OBRAS DE PRIMEIRO ESTABLECEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DOS ACUARTELAMENTOS DA GARDA CIVIL EN GALICIA**

- ***Así o recolle un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Ministerio de Interior cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta***
- ***Trátase de mellorar o servizo deste corpo en Galicia e evitar a desaparición das casas cuartel que se atopan en condicións precarias***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Interior por importe dun millón de euros para a realización de obras de primeiro establecemento, conservación e mellora dos acuartelamentos da Garda Civil en Galicia.

Mediante este convenio as Administracións estatal e autonómica procurarán favorecer o asentamento efectivo do corpo nos núcleos rurais de Galicia para mellorar as condicións e calidade de vida de todos os galegos. Deste xeito, co fin de contribuír á consecución dun mellor servizo da Garda Civil, a Xunta ofrece a colaboración para a realización de obras de primeiro establecemento, reparación, mellora e conservación das casas cuartel que se atopan en condicións precarias de habitabilidade evitando así a súa desaparición.

A dita colaboración tradúcese nunha achega económica dun millón de euros do Goberno autonómico. Pola súa banda, o Ministerio de Interior asume a execución das obras, a tramitación dos permisos, licencias e autorizacións administrativas precisas e a dirección facultativa da obra. Doutra banda, poderán sumarse a este convenio deputacións provinciais e concellos mediante addendas de adhesión.

Para garantir o seu correcto seguimento crease unha comisión mixta presidida polo conselleiro de Presidencia que nomeará un representante da Xunta como integrante deste órgano, que tamén estará formado por un representante da Delegación do Goberno en Galicia e un representante da Dirección Xeral da Garda Civil. As súas funcións serán a interpretación do convenio, proposta de addendas, intervención previa á resolución por incumprimento e coordinación das funcións de ambas as administracións.

## **O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 360.000 O CENTRO SOCIOCULTURAL E DE USOS MÚLTIPLES DE ABANQUEIRO, EN BOIRO**

- ***O Consello aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Concello de Boiro con este obxectivo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Boiro para a realización da primeira fase do centro sociocultural e de usos múltiples de Abanqueiro, por un importe total de 360.000 euros.

Este acordo responde ao interese da Consellería por establecer canles de colaboración e cooperación económica coas entidades locais que redunden nunha mellora na prestación dos servizos locais e contribúan a satisfacer as necesidades das comunidades de veciños.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión mixta paritaria integrada polo secretario xeral e un representante designado polo Concello de Boiro. As súas funcións serán a interpretación do convenio, a proposta –de ser o caso- de addendas, a intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación das funcións de ambas as dúas administracións, e calquera outra que estea relacionada co desenvolvemento deste texto.

## **O CLÚSTER DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA CONTARÁ CO APOIO DA XUNTA NO DESENVOLVEMENTO DO SEU PLAN ESTRATÉXICO 2007-2011**

- ***O Igape e a Fundación Ceaga desenvolverán un partenariado público-privado para impulsar a competitividade do sector da automoción, compartindo financiamento e programas de actuación***
- ***O convenio, autorizado polo Consello da Xunta, será asinado mañá venres, día 15, e servirá tamén de proxecto piloto para detectar boas prácticas empresariais aplicables a outros sectores produtivos de Galicia***
- ***Fixa como obxectivos o incremento da facturación e o valor engadido do sector nun 20% durante o período 2007-2011; mellorar a produtividade sectorial nun 15%***
- ***A axuda pública a este clúster en 2007 ascende a 1,6 millóns de euros***

Situar o sector da automoción de Galicia nunha posición de liderado europeo en competitividade é o principal obxectivo da iniciativa de coordinación público-privada que asinarán mañá venres, 15 de decembro, o Igape e a Fundación Ceaga no marco do convenio de colaboración que o Consello da Xunta acordou autorizar na súa reunión de hoxe.

O obxecto do convenio, que será asinado na sede do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) no Porriño (Pontevedra), é o desenvolvemento conxunto do Plan estratéxico do sector da automoción 2007-2011 (PESA), elaborado polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga). Dito plan, consensuado co propio Igape para o seu desenvolvemento conxunto mediante este acordo de cooperación público-privada, fixa como obxectivos o incremento da facturación e o valor engadido do sector nun 20% durante o período 2007-2011; mellorar a produtividade sectorial nun 15%; e estender as boas prácticas a outros conglomerados empresariais da Comunidade. O sector reforzará, deste xeito, a súa produtividade e competitividade nun contexto europeo e mundial de gran competencia e cambios no sector.

O acordo entre o Instituto, dependente da Consellería de Economía e Facenda, e a entidade que agrupa ao sector de automoción galego supón un salto cualitativo na política de apoio aos conglomerados empresariais por parte da Xunta de Galicia. Ademais presenta un elevado potencial de actuar como exemplo para outros sectores produtivos estratéxicos para Galicia. Neste sentido, o convenio servirá tamén de proxecto piloto para detectar as boas prácticas no ámbito da cooperación empresarial e estendelas a outros sectores e territorios cun enfoque de transversalidade novo na comunidade.

O convenio abrangue os cinco anos do plan estratéxico e prevé a realización de avaliacións anuais mediante os indicadores consensuados sobre os obxectivos previstos. A achega pública en 2007 ascende a 1,66 millóns de euros, o que supón o 50% do financiamento para as actuacións previstas na primeira anualidade. Na súa totalidade, o Plan prevé investimentos por un total de 27 millóns de euros.

O PESA prevé o desenvolvemento coordinado de proxectos en materia de coordinación estratéxica do sector, de coordinación comercial, de imaxe e comunicación, de cadea de subministracións, de recursos humanos e de infraestruturas.



O Plan, pola propia esencia cambiante do contorno no ámbito mundial, estará suxeito a revisións, melloras e actualizacións aliñadas sempre cos obxectivos globais e coa finalidade última de acadar e manter de xeito sostido o liderado en competitividade sectorial, para contribuír de xeito efectivo ao progreso e calidade de vida de Galicia.

### **Apoio a Infinita Renovables**

Por outra parte, o Consello da Xunta acordou autorizar o Igape para apoiar, a través do seu programa de investimentos o proxecto impulsado por Infinita Renovables, consistente na implantación, en Salvaterra de Miño, dunha planta de produción de biodiésel a partir de aceites vexetais. O investimento previsto pola empresa promotora ascende a 49,98 millóns de euros.

## **A XUNTA DESTINARÁ 98 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR DIVERSAS ACUTACIÓNS DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DE ESTRADAS AUTONÓMICAS NO PERÍODO 2007-2011**

- *Os traballos de conservación son, entre outros, a sega da maleza nas proximidades das estradas, limpeza das beiravías, reposición de danos e reparacións localizadas de alteracións no firme, entre outros*
- *A dotación para este fin incrementáase nun 50% respecto ao período anterior, que abrangueu de 2003 a 2006*
- *Este aumento do gasto permitirá ampliar o número de quilómetros de estradas que son supervisados polas empresas adxudicatarias de forma permanente as 24 horas do día ata acadar a práctica totalidade da rede autonómica*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de algo máis de 98 millóns de euros que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará aos contratos de conservación integral, viabilidade invernal e rehabilitación de firmes das estradas autonómicas para o período 2007-2011. Estes contratos, que son continuación do programa 2003-2006 actualmente vixente, incrementan a súa dotación en máis dun 50% con respecto ao actual.

Este aumento do gasto permitirá ampliar o número de quilómetros de estradas que son supervisados polas empresas adxudicatarias de forma permanente as 24 horas do día ata acadar a práctica totalidade da rede autonómica (5.263 quilómetros). Ademais, o incremento das cantidades asignadas a cada contrato permitirá que as empresas adquiren e dediquen máis maquinaria ao mantemento das estradas.

Os traballos de conservación e mantemento integral divídense en sete áreas xeográficas a razón de dúas por provincia (norte e sur), excepto en Ourense, que se configura como unha única área debido a que a rede de estradas autonómicas nesta provincia está máis concentrada.

### **Asignacións orzamentarias por zonas xeográficas:**

<b>Zona xeográfica</b>	<b>Dotación orzamentaria</b>	<b>Quilómetros</b>
A Coruña norte	14.468.482,16 €	758,973
A Coruña sur	16.694.507,93 €	853,400
Pontevedra norte	11.728.758,13 €	593,010
Pontevedra sur	11.043.827,12 €	531,310
Lugo norte	13.384.931,50 €	714,838
Lugo sur	13.898.630,13 €	835,450
Ourense	16.980.821,92 €	976,500

Os traballos de conservación que deben acometer as empresas que contrate a CPTOPT son, entre outros, a sega da maleza nas proximidades das estradas, a limpeza das beiravías, a reposición de danos, o repintado das marcas viarias horizontais, a reparación



da sinalización vertical, o balizamento en xeral e reparacións localizadas de alteracións no firme.

Ademais destes traballos de mantemento ordinario ao longo de todo o ano, os contratos tamén recollen as actuacións concretas en materia de seguridade viaria que se deben realizar durante o inverno. Estes traballos acometeranse nas sete áreas, pero farase un especial esforzo nas provincias de Lugo e Ourense por seren as máis afectadas pola meteoroloxía invernal. En xeral, as actuacións están encamiñadas a manter as condicións de seguridade viaria que se ven dificultadas no inverno pola formación de placas de xeo ou a aparición de neve, polo que se toman medidas preventivas como o espallamento de sal e a intervención das máquinas quitaneves.

Xunto con estes traballos que a CPTOPT contrata para as sete áreas das estradas galegas, a propia Consellería mantén operativo o seu dispositivo interno de vixilancia e conservación cos seus propios operarios e maquinaria. Todas estas actuacións están encamiñadas a facilitar a circulación dos vehículos en condicións adecuadas de seguridade e fluidez.



## **POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO NO CAMPUS SUR DA USC**

- ***Trátase do aparcadoiro do edificio do Centro de Investigación Biolóxica (CIBUS) que se está a construír no campus sur desta universidade, en Compostela***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da construción dun aparcadoiro no edificio do Centro de Investigación Biolóxica da Universidade de Santiago de Compostela (CIBUS). A CPTOPT destina a este fin, a través da Dirección Xeral de Urbanismo, 1.748.000 euros dos 2.528.425 euros que custa o dito aparcadoiro.

A USC está a construír o edificio do CIBUS no seu campus sur, entre as avenidas Jenaro López de la Fuente, Lope Gómez de Marzoa e Mestre Mateo, esta última de titularidade autonómica e que constitúe o tramo urbano da AC-543 Santiago-Noia. Coa finalidade de lles dar resposta ás obrigas urbanísticas e ás crecentes necesidades de aparcadoiro na zona executáronse tres plantas de soto destinadas a aparcadoiro cunha dotación dunhas 220 prazas. A inclusión destas plantas de soto incrementa considerablemente o custo de execución da obra, non sendo este gasto engadido cofinanciado polo fondo europeo FEDER, como si o é o resto do edificio, que conta cun orzamento de 5.220.350 euros.

O aparcadoiro soterrado do novo edificio faise necesario para mellorar a circulación rodada na rede circundante, en especial na AC-543, recentemente acondicionada pola CPTOPT. Tamén contribuirá a desconxestionar a avenida Lope Gómez de Marzoa, onde os vehículos circulan cunha certa inseguridade ao non ter a vía o ancho adecuado para o dobre sentido e servir ao mesmo tempo de estacionamento, como sucede na actualidade. Esta situación obriga á eliminación das prazas de estacionamento desta avenida, coa conseguinte redución da xa insuficiente capacidade de aparcadoiro do campus sur, polo que se optou polo novo estacionamento soterrado.

Así pois, a dispoñibilidade deste aparcadoiro para dar servizo ás necesidades de tráfico na zona é importante para as dúas partes, a CPTOPT e a USC, polo que se fai necesaria a colaboración entre ambas as institucións. Neste contexto, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas para acadar un desenvolvemento universitario cualificado, sustentable e estable e que dea maior calidade de vida aos usuarios.

## **A XUNTA DESTINA 7,6 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR A EXCELENCIA DO PROFESORADO UNIVERSITARIO**

- ***Establécense complementos para o recoñecemento ao labor docente; ao labor investigador; á excelencia curricular docente e investigadora; e aos cargos de xestión***
- ***Esta medida evidencia a prioridade do Goberno galego en prol da mellora do ensino na Comunidade Autónoma***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o financiamento, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, así como de recoñecemento polos cargos de xestión. Para a posta en marcha deste complemento de excelencia curricular, docente e investigadora, e do complemento por cargos de xestión, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegará un total de 7.598.142,33 euros, distribuídos en dúas anualidades, entre 2006 e 2007.

Esta medida promovida polo Goberno galego trata de incentivar a formación do propio profesorado como unha forma de mellorar a calidade do ensino universitario. O máximo complemento económico ao que poden optar os profesores universitarios é de 10.000 euros anuais, o que os situará entre os docentes mellor retribuídos de España. Na actualidade, Galicia ocupaba os últimos postos neste apartado con respecto a outras autonomías. As retribucións pretenden complementar os ingresos dos docentes universitarios, premiando non só os seus méritos senón tamén a súa formación complementaria, as publicacións que teñan realizado ou a súa asistencia a congresos, entre outros asuntos.

As retribucións aprobadas hoxe polo Consello da Xunta evidencian a prioridade do Goberno galego en prol da mellora do ensino na Comunidade Autónoma. Así, con esta medida, establécese un sistema que permitirá recoñecer a actividade, participación e excelencia do profesorado universitario tanto na docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a participación na xestión das súas institucións.

Galicia súmase deste xeito á práctica totalidade das Comunidades Autónomas que xa implantaron complementos deste tipo.

### **Tipoloxía de complementos**

Deste xeito, a tipoloxía das retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais, docentes e investigadores e de xestión do profesorado universitario establece catro complementos: de recoñecemento ao labor docente; de recoñecemento ao labor investigador; de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora; e de recoñecemento polos cargos de xestión. Os dous últimos complementos serán fixados, a posteriori, a través dun protocolo de avaliación da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

Unha orde publicada en outubro no *Diario Oficial de Galicia* publica o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA, relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de

recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, establecendo esta orde a contía dos ditos complementos.

Por outra banda, no *Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) 2005-2010*, establécese que o fondo de calidade está constituído por tres partidas diferentes, sendo a primeira delas o financiamento de sexenios e dos vixentes complementos retributivos autonómicos. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de haber accións ou necesidades que non foron consideradas no momento da elaboración do plan, ten plena capacidade para incluír e aprobar nos orzamentos as previsións adicionais necesarias.

Así, a Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do SUG 2005-2010, na súa reunión do 30 de novembro de 2006 acordou que os complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión, non estiveron previstos no Plan de Financiamento, polo que necesariamente deberán financiarse con cargo a unha dotación distinta da prevista no plan.

## **A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN NA AMPLIACIÓN E REFORMA DAS INFRAESTRUTURAS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA**

- ***A Administración educativa destina preto de 950.000 euros para a execución de actuacións encamiñadas a dotar dunha maior vertebración ao campus pontevedrés***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para desenvolver actuacións de promoción, consolidación, reordenación e desenvolvemento no Campus de Pontevedra. En virtude deste acordo, a Administración educativa autonómica comprométese a participar no financiamento destas accións achegando 948.879 euros.

A Universidade de Vigo mantén na cidade de Pontevedra un campus necesitado dunha maior vertebración a diferenza do que ocorre nas demais cidades galegas. Para contribuír a corrixir esta situación que afecta negativamente os alumnos do Campus da cidade de Pontevedra, a Universidade de Vigo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretenden impulsar as actuacións de consolidación, reordenación e desenvolvemento deste campus.

Polo tanto, este convenio ten por obxecto fixar as bases de colaboración entre as institucións asinantes para proceder á promoción, consolidación, reordenación e desenvolvemento do Campus de Pontevedra a través da súa ampliación, reforma e demais actuacións necesarias nas infraestruturas existentes co fin de estruturar e ordenar o ensino universitario na cidade de Pontevedra. Estas actuacións executadas ao longo do ano 2006 materialízanse en accións relacionadas con obras e equipamento na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; construción de obradoiros e laboratorios na Facultade de Belas Artes; e rehabilitación e novas instalacións do edificio administrativo das Campás.

## **O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 830.680 EUROS Á ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR DAS UNIVERSIDADES GALEGAS**

- ***O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Administración educativa e as tres universidades que permitirá impulsar proxectos destinados a favorecer a converxencia co EEES***
- ***A Universidade de Santiago de Compostela percibirá 305.079 euros; a da Coruña 254.222 euros; e a de Vigo 271.377 euros.***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscripción dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para impulsar proxectos e iniciativas destinados a favorecer a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). A Administración educativa destinará un total de 830.680 euros a esta acción. Deste total, a Universidade de Santiago de Compostela percibirá 305.079,59 euros; a da Coruña 254.222,83 euros; e a Universidade de Vigo 271.377,58 euros.

O obxecto deste convenio é a promoción dun proxecto que realizará cada unha das tres universidades do SUG, co fin de impulsar a súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, mediante actividades e iniciativas que sigan as liñas prioritarias de actuación marcadas pola Orde ECI/924/2005, do 21 de marzo. Para os efectos desta Orde, O Ministerio de Educación e Ciencia iniciou o ano pasado a posta a disposición das universidades públicas dunha convocatoria de axudas destinada a financiar actividades para afrontar as necesidades e exixencias para a innovación do sistema universitario español.

Do total da dotación de 13.090.000 euros prevista no orzamento de gasto do MEC, á Comunidade galega correspóndenlle 830.680 euros. Esta cantidade repártese entre as universidades atendendo a criterios como o número de estudantes ou o número de titulacións oficiais implantadas, entre outros.

As actividades realizadas polas universidades do SUG deberán ser efectuadas polos órganos competentes de cada universidade. O seu obxectivo será a realización dun proxecto por universidade que contribúa á súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Ademais, deberán formularse estratexias concretas e actividades conducentes á implantación dos principais elementos do proceso de Boloña para a construción do EEES. Por outra banda, as universidades quedarán obrigadas a realizar as actividades que fundamentan a concesión desta axuda, sen que caiba cambio ou modificación ningunha do obxecto ou finalidade para a que se concedeu.

A progresiva construción e consolidación dun sistema universitario no ámbito europeo que se constitúa como un polo de atracción para o resto do mundo avanzou considerablemente nestes últimos anos. Por este motivo faise necesaria a participación e colaboración do Goberno, as comunidades autónomas e as universidades en accións

conxuntas destinadas á execución de proxectos de planificación, deseño e definición das actividades que se consideren necesarias para avanzar na converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior.

## AGADER AMPLÍA UN ANO MÁIS A COLABORACIÓN EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL COS TERRITORIOS ECUATORIANOS DOS RÍOS CHANCHÁN E CHIMBO

- ***O investimento total da axencia dependente da Consellería do Medio Rural ascende a 50.954 euros e destinarase a financiar, entre outras cousas, viaxes de intercambio de experiencias, a adquisición de bens de equipo e a contratación de técnicos por parte da Corporación encargada do desenvolvemento nestas dúas zonas ecuatorianas.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a addenda ao convenio de cooperación, asinado en decembro de 2005, entre a *Corporación para o desenvolvemento do territorio dos ríos Chanchán e Chimbo* e a *Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)*, co obxecto de promover o desenvolvemento rural nestes dous territorios ecuatorianos. Logo desta autorización, as accións de cooperación exterior impulsadas pola axencia galega e estes dous territorios terán vixencia ata o vindeiro 1 de decembro de 2007.

O próximo ano prevese retomar algunhas actividades, sobre todo as visitas que quedaron pendentes tanto por parte do xerente da corporación ecuatoriana e dos representantes do sector privado dese país, como por parte dos técnicos de AGADER. Este ano estaba previsto que viaxaran aos territorios dos ríos Chanchán e Chimbo dous técnicos galegos, especializados en turismo e en produtos lácteos, para transmitirles aos responsables locais as súas experiencias nestes dous sectores. Sen embargo, a viaxe tivo que aprazarse debido a circunstancias alleas ás dúas partes implicadas, como a situación política e social que atravesaba este país latinoamericano, a declaración do estado de emerxencia no mes de abril, a reactivación do volcán Tungurahua nos territorios vinculados ao convenio e posteriormente o proceso electoral do mes de outubro.

Así pois, será en 2007 cando se leve a cabo esta visita e aproveitarase tamén para coñecer todas as posibilidades de desenvolvemento rural que ten a provincia do Chimborazo, e que forma parte dos obxectivos doutro convenio asinado por Agader, neste caso coa Secretaría de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia. Deste xeito, realizarase un uso máis racional do gasto ao evitar duplicidades nas viaxes e os técnicos galegos terán ocasión de coñecer a realidade deste país latinoamericano dunha forma máis integral.

Así mesmo, en 2007 tamén está programada unha visita a Galicia dos responsables destes dous territorios ecuatorianos que servirá, entre outras cousas, para que coñezan *in situ* as experiencias dos Grupos de Acción Local do noso país na xestión de proxectos de desenvolvemento rural.

Esta colaboración verase reforzada cunha achega de arredor de 50.000 euros por parte da Asociación Española de Cooperación Exterior en Ecuador que, a instancias de Agader,

decidiu comprometer a súa participación nos proxectos de desenvolvemento rural deste país.



## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AMPLÍA EN 650.000 EUROS A CONTÍA DESTINADA Á ATENCIÓN DOS PACIENTES DA ÁREA DE FERROL QUE DEBAN SER DERIVADOS AO HOSPITAL JUAN CARDONA**

- ***Este centro hospitalario recibirá un total de 11.350.000 euros neste ano 2006***
- ***O Consello da Xunta autorizou tamén a prórroga do concerto co hospital Miguel Domínguez en Pontevedra cunha previsión orzamentaria prevista para o vindeiro ano 2007 de 4.400.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e prace á ampliación en 650.000 euros da contía destinada á prestación sanitaria aos usuarios protexidos polo Servizo Galego de Saúde na área sanitaria de Ferrol que deban de ser derivados ao Hospital Juan Cardona. Este centro concertado recibe así para todo este ano 2006 a cantidade de 11.350.000 euros.

A Sanidade Pública galega ten asinado dende o 1 de abril de 2005 un concerto singular coa Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol -da cal depende o Hospital Juan Cardona- para a prestación de servizos. Este concerto ten como finalidade ampliar a oferta asistencial do Servizo Galego de Saúde en certas áreas, e para servizos de diagnóstico e tratamento, na comarca de Ferrol.

As cantidades están destinadas ás distintas modalidades asistencias, e o centro empregará este incremento de 650.000 euros naquelas en que exceda a actividade pactada.

### **Un total de 4,4 millóns de euros para o Hospital Miguel Domínguez en Pontevedra**

Por outra banda, prorrogouse tamén o concerto entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Miguel Domínguez, en Pontevedra, para a realización de procesos asistenciais medico-cirúrxicos na área sanitaria de Pontevedra Norte, por un importe de 4.400.000 euros para o total do vindeiro ano 2007.

Este concreto estableceuse inicialmente en marzo do 2004 e foise prorrogando. Tendo en conta que para o vindeiro ano persistirán estas necesidades de asistencia, e cos mesmos recursos empregados na actualidade, prorrogase a vixencia deste concerto un ano máis, e co citado importe.

## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA POTENCIARÁ A ACTIVIDADE DAS OFICINAS DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN CUN INVESTIMENTO DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS**

- ***As OTRIS (Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación) das universidades e do CSIC propician a participación dos seus investigadores en proxectos empresariais de investigación para conseguir que os resultados de investigación cheguen ao conxunto da economía e á sociedade***
- ***Estas oficinas teñen como misión pór en contacto e relacionar as universidades e a actividade investigadora que se xera nelas co sector empresarial, co obxecto e transferir as aplicacións de resultados das investigacións universitarias ao eido da empresa***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá un convenio de colaboración de 1,7 millóns de euros entre a Consellería de Innovación e Industria, as tres universidades galegas e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para potenciar o funcionamento das Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRIS).

Estas oficinas de transferencia teñen como misión pór en contacto e relacionar as universidades e a actividade investigadora que se xera nelas co sector empresarial, co obxecto e transferir as aplicacións de resultados das investigacións universitarias ao eido da empresa.

A través deste convenio, a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación pretende incrementar a adecuada dotación de recursos humanos das OTRIS, mellorar a súa eficacia e seguir traballando na ordenación e potenciación dos axentes do sistema galego de innovación e, en particular, destas oficinas, en sintonía co novo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010.

As OTRIS das universidades e do CSIC teñen como finalidade propiciar a participación dos seus investigadores en proxectos empresariais de investigación promovidos por empresas, así como acadar que os resultados de investigación cheguen ao conxunto da economía e á sociedade. Con este investimento da Consellería de Innovación e Industria, cada unha das OTRIS galegas incrementará as súas actividades e recursos.

A Universidade da Coruña financiará actividades como a estruturación da información sobre os seus grupos de investigación; a difusión da oferta tecnolóxica da UDC ás empresas e á sociedade; a formación e actualización de coñecementos en xestión da innovación e promoción da I+D dos técnicos da OTRI; o fomento da participación de investigadores e empresas galegas en proxectos europeos; a mellora na xestión e control do proceso de transferencia de coñecemento ao sector industrial a través de prácticas en empresas; a avaliación de tecnoloxías existentes na UDC para coñecer o seu valor real tecnolóxico e facer un estudo financeiro e de mercado; e a mellora do servizo de incubadora de empresas da UDC.



Pola súa banda, a Universidade de Santiago financiará a avaliación da carteira de patentes da USC en Ciencias da Saúde, Biotecnoloxía e Materiais e a extensión internacional das patentes con mellores perspectivas de transferencia e accións de difusión e dinamización das potencialidades en I+D na USC nas áreas de hidrobioloxía, bioloxía mariña e servizos de información territorial e fomento da interacción empresarial e social desas áreas cos sectores de actividade relacionados.

Tamén teñen prevista a elaboración dunha estratexia para mellorar as condicións de participación e a captación de fondos dos grupos de investigación da USC no VI Programa Marco da Unión Europea; o establecemento de plataformas de traballo orientadas á articulación dos recursos de investigación para a prestación de servizos de I+D nas áreas de avaliación farmacolóxica e análise xenética; e a intensificación da interacción en I+D+I das empresas do ámbito local de Santiago de Compostela coa USC.

Na mesma liña, a universidade viguesa levará a cabo actividades de elaboración e actualización da súa oferta de I+D+I; accións de promoción da participación de grupos de I+D en proxectos do Plan Galego mediante encontros con asociacións, clúster e outros interlocutores sectoriais e empresariais; un programa de visitas a empresas e a realización de talleres para o fomento da súa participación en programas europeos.

A delegación do CSIC en Galicia ten previsto, entre outras actividades, o deseño e lanzamento dun servizo de avaliación de propostas e axuda á posta en marcha de proxectos empresariais de base tecnolóxica no CSIC.

Ademais destas accións propias, as OTRIS das tres universidades galegas e do CSIC realizarán diversas accións conxuntas, como son o deseño de contidos e estratexia de participación conxunta nas feiras tecnolóxicas sectoriais do sector naval (Navalia), e acuicultura (Acui 2006) e a reunión anual de balance e planificación de actividade da Rede Galega para a Transferencia de Coñecemento.

## **A XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DA *FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN* QUE TERÁ COMO MISIÓN XESTIONAR OS ESPAZOS E INFRAESTRUTURAS DAS ILLAS DE SAN SIMÓN E SAN ANTONIO**

- ***Esta Fundación ten unha dotación inicial de 750.000 euros achegada pola Consellería de Cultura e Deporte***

O Consello da Xunta aprobou este xoves os estatutos da *Fundación Illa de San Simón* e autorizou á Consellería de Cultura e Deporte para o outorgamento da carta fundacional e para a realización de todos os trámites necesarios para a constitución desta fundación. A *Fundación Illa de San Simón* terá como obxecto actuar como instrumento de xestión dos espazos e infraestruturas das illas de San Simón e San Antonio.

Así, entre os fins e actividades da *Fundación Illa de San Simón* destaca a posta en marcha e desenvolvemento de actividades culturais e educativas primordialmente relacionadas co mar, mediante a organización de congresos, cursos e seminarios, nas illas de San Simón e San Antonio. Estas illas foron declaradas Bens de Interese Cultural en 1999.

Así mesmo, a Fundación encargarse de conservar e xestionar as instalacións e edificacións situadas nestas dúas illas; de potenciar os seus valores naturais, culturais e paisaxísticos; fomentar o deporte da vela, mediante a organización dunha escola que contribúa á súa difusión e promoción; e impulsar a investigación orientada ao mundo do mar e da memoria histórica.

Ademais da Consellería de Cultura e Deporte, participan na *Fundación Illa de San Simón* o Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Economía e Facenda, as tres universidades galegas, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Redondela.

Esta Fundación ten unha dotación inicial de 750.000 euros, achegada pola Consellería de Cultura, cuxa titular actuará como presidenta da entidade. En respecto ao acordo de concesión outorgada á Xunta polo Ministerio de Medio Ambiente, fican fóra os usos hoteleiros agás aloxamentos puntuais de profesorado, alunado e conferenciantes dos cursos e actividades que se impartan nas instalacións das illas.

## **PESCA CONTINÚA A COOPERACIÓN CON REXIÓNS DA UE PARA IMPULSAR O CRECEMENTO DO SECTOR PESQUEIRO E ACUÍCOLA**

- ***A Consellería e o Centro Tecnolóxico do Mar prorrogarán o convenio con que se desenvolve o programa europeo Aquareg***
- ***A iniciativa comunitaria promove a colaboración en materia de pesca e acuicultura entre Galicia, Noruega e Irlanda***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a prórroga do convenio de colaboración asinado entre Pesca e a Fundación Cetmar para a coordinación e xestión do programa Aquareg, que se enmarca dentro da Iniciativa Comunitaria Interreg III e que promove a cooperación en materia de pesca e acuicultura entre rexións costeiras de Noruega, Irlanda e Galicia. Para lle facer fronte á ampliación deste acordo, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos destinará un total de 6.600 euros.

Coa prolongación deste convenio, que se estende agora ata finais do ano 2007, o departamento autonómico pretende continuar co desenvolvemento do programa Aquareg e cos proxectos que se inclúen dentro del, xa que a propia iniciativa europea foi tamén ampliada por un ano máis.

### **Iniciativa comunitaria Aquareg**

O programa Aquareg, en que participan como socios tanto Galicia (a través da Consellería de Pesca e do Centro Tecnolóxico do Mar), como as rexións costeiras de Trondelag (Noruega) e Border, Midland and Western (Irlanda); ten por obxectivo deseñar estratexias que contribúan ao progreso sustentable e racional das comunidades, a través da cooperación interrexional no referente á pesca e á acuicultura. Para a consecución deste propósito, Aquareg desenvolveu tres estratexias principais a seguir nas cales se enmarcan os proxectos e subproxectos que as rexións participantes poden desenvolver. Estas liñas de actuación son as seguintes:

- Aqualink, que ten como obxectivo estimular e potenciar a colaboración entre os centros de investigación e a industria pesqueira e da acuicultura, mediante a elaboración de proxectos cunha orientación práctica e comercial.
- Aquaed, que ten como finalidade a educación, capacitación e, incluso, a contratación de profesionais para a industria acuícola e pesqueira. Deste xeito, o programa promove intercambios de investigadores, estudantes, profesores, operarios, alumnos en prácticas e novos profesionais entre as tres rexións.
- Aquaplan, destinado á mellora da xestión e da planificación do espazo costeiro mediante o intercambio de experiencias entre as autoridades encargadas da súa regulación.

### **A experiencia galega**

En Galicia, Aquareg contou dende o seu inicio coa participación de todos os axentes implicados nos sectores da pesca e a acuicultura (industria, investigadores, mestres e



estudantes, entre outros), e permitiu avanzar no estudo de diferentes campos como a investigación de algas ou a xestión das zonas costeiras.

Ata o de agora, con este programa e coas tres estratexias concretas que promove, os profesionais galegos tiveron tamén a oportunidade de establecer contactos, visitar industrias, institutos e centros de formación específica doutros países. Así mesmo, a través desta iniciativaponse aínda máis de manifesto a importancia que a pesca e a acuicultura teñen para Galicia e a súa economía, así como o interese que espertan nas rexións europeas.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ 850.00 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS EN SARRIA (LUGO)**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e Sogama para a realización deste proxecto***
- ***O acordo inclúe a adquisición de catro microcolectores para ampliar a capacidade das plantas que están en funcionamento***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) para a construción dunha planta de transferencia de residuos sólidos urbanos en Sarria (Lugo) e a ampliación da capacidade das plantas actuais. O departamento autonómico que dirixe Manuel Vázquez investirá 850.000 euros nesta actuación.

O convenio, que estará vixente ata decembro do 2007, permitirá a construción dunha planta de transferencia de residuos sólidos urbanos no municipio lucense de Sarria, ademais de ampliar a capacidade doutras plantas xa existentes coa adquisición de catro microcolectores.

Actualmente son 254 os concellos galegos que levan os seus residuos ao complexo ambiental de Cerceda, xestionado por Sogama, mentres que outros 33 municipios están pendentes da súa próxima incorporación a este sistema.

Deste xeito, unha vez executadas e postas en funcionamento as plantas de transferencia de residuos previstas inicialmente, faise necesaria a creación de novas instalacións, así como ampliar a capacidade das xa existentes. O obxectivo é reducir as distancias de máis de 25 quilómetros cadrados a que se atopan algúns concellos das plantas de transferencia máis próximas, e por outra banda, mellorar o servizo naqueles municipios que dispoñen dunha capacidade insuficiente para o volume de residuos que xeran.



## **MEDIO AMBIENTE RECUPERARÁ TRES ESPAZOS DEGRADADOS POR VERTEDEURAS INCONTROLADAS NO CARBALLIÑO (OURENSE)**

A Consellería de Medio Ambiente destinará 362.894 euros á recuperación de tres espazos degradados por puntos de vertedura incontrolada no concello do Carballiño (Ourense), tras a aprobación hoxe no Consello da Xunta da autorización para este proxecto.

O primeiro espazo a recuperar é unha parcela situada na parroquia de Sagra, que foi utilizada como vertedoiro dos lodos procedentes da depuradora municipal. Os outros dous puntos de actuación corresponden a zonas en que se almacenaron cascallos, residuos de construción, electrodomésticos, madeira e plásticos, e que están localizados nos lugares da Pena, en Señorín, e As Cavadas, en Partovia.

O obxectivo desta actuación é a recuperación ambiental e paisaxística destes espazos degradados. Para iso procederase á limpeza e roza dos terreos, recollida do material acumulado, movemento de terra e residuos, así como selado e acondicionamento do terreo. A obra completárase coa recollida de lixiviados, drenaxe de pluviais, e a captación e tratamento de biogás.

A Consellería de Medio Ambiente asumirá a totalidade do custo das obras con cargo aos orzamentos de 2007. Os traballos teñen un prazo de execución de trece semanas.





## **A CONSTRUCCIÓN DE PUNTOS LIMPOS EN BANDE (OURENSE) E RIANXO (A CORUÑA) SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 453.295 EUROS**

A Consellería de Medio Ambiente investirá 453.295 euros na construción de senllos puntos limpos nos municipios de Bande, na provincia de Ourense, e Rianxo, na da Coruña, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración técnico-financeira entre o departamento autonómico e ambas as administración locais.

A construción dun punto limpo en Rianxo contará cun investimento de 234.507 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente. A superficie total de actuación é de 2.400 metros cadrados, nos que se realizarán o movemento de terras, urbanización e axardinamento, construción das instalacións xerais, casetas de oficina e recepción, peche e instalación de colectores e sinalización.

No concello de Bande investiranse 218.788 euros na construción dun punto limpo que estará situado no polígono industrial, a 1,5 quilómetros do núcleo urbano e que contará cunha superficie total de 2.000 metros cadrados. As obras previstas consistirán no movemento de terras, urbanización e axardinamento así como a instalación da acometida eléctrica e de auga dende a fronte da parcela.

A construción dos puntos limpos de Rianxo e Bande ten como finalidade evitar a vertedura incontrolada dos residuos de gran tamaño que non se poden eliminar por medio dos servizos convencionais de recollida do lixo.

O custo de ambos os proxectos será financiado ao 100% pola Consellería de Medio Ambiente con cargo aos orzamentos do vindeiro ano.



## **A XUNTA DESTINA CASE 300.000 EUROS A OBRAS DE MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA EN NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO)**

A Consellería de Medio Ambiente, mediante a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), realizará varias obras de mellora do abastecemento de auga no concello lucense de Negueira de Muñiz. O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto, en que o departamento autonómico investirá 299.975 euros, e que ten un prazo de execución de catro meses.

A mellora do abastecemento en Negueira de Muñiz beneficiará os núcleos de poboación da Gamalleira, Vilaseca, Seira, Santalla, A Lavandeira, Robledo, Negueira, Bustelo de Murias, Ouviaño e Tallobre. Nestes lugares executaranse diversas obras, como o arranxo de fontes, captación de augas, construción dun depósito contra incendios, renovación de redes de subministración ou conducción de augas superficiais.

### **Recuperación de fontes**

O Concello de Negueira de Muñiz conta con numerosas fontes que, aínda que non son necesarias na actualidade para o abastecemento de auga, son unha mostra da riqueza arquitectónica e cultural da zona rural galega. Por iso se realizará o acondicionamento das fontes e o seu contorno nos lugares da Gamalleira, Vilaseca, Seira, Santalla, A Lavandeira, Robledo e Negueira.

O proxecto de mellora de infraestruturas hidráulicas no municipio inclúe a construción de dúas captacións para completar o caudal de auga que abastece os depósitos das zonas de Bustelo e A Gamalleira, co fin de evitar as carencias da subministración que se producen na época estival.

No núcleo de Bustelo de Murias tamén se realizará a conducción de augas superficiais, xa que actualmente discorren polos accesos do núcleo, coa conseguinte deterioración do firme. Así mesmo, no lugar de Ouviaño renovarase a rede de distribución de auga, xa que a que existe actualmente atópase deteriorada e sofre diversas avarías debido as elevadas presións que soporta.

As obras completaranse coa construción dun depósito contra incendios que se instalará en Tallobre e que permitirá realizar a carga das cisternas de auga empregadas polo Servizo de Extinción de Incendios.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE MACEDA COLABORARÁN NUN PROXECTO PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO**

- ***A Xunta destina unha partida de 3 millóns de euros para a construción de 23 vivendas que se adxudicarán en réxime de aluguer ás familias chabolistas do concello***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Maceda para a erradicación do chabolismo. A través deste convenio, a Consellería de Vivenda e Solo destina unha partida de 3 millóns de euros na construción de 23 vivendas unifamiliares en Maceda para facilitar o acceso a unha vivenda de calidade ás familias chabolistas residentes no concello ourensán, promovendo así a súa integración social.

Unha vez aprobado polo Consello da Xunta, a Consellería de Vivenda e Solo asinará o convenio co Concello de Maceda e construírá 23 vivendas de promoción pública nos terreos cedidos pola Administración local. Unha vez concluídas as obras, a Consellería de Vivenda e Solo transmitirá as vivendas en propiedade ao Concello de Maceda, quen se encargará de adxudicalas en réxime de aluguer ás 23 familias chabolistas. A actuación consistirá na construción de 18 vivendas cunha superficie útil de 90 metros cadrados e 5 vivendas de 96 metros cadrados. Todas elas disporán de rocho e praza de garaxe.

Unha vez asinado este convenio, crearase unha comisión mixta, composta por un representante da Consellería de Vivenda e Solo e un representante do Concello, para facer un seguimento e control da actuación e garantir o cumprimento do dito convenio.

Co obxectivo de promover a integración social das familias chabolistas de Maceda, o convenio asinado entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Maceda completárase cun estudo sobre as medidas necesarias para acadar a súa integración e a elaboración de programas acaídos a cada caso particular.



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DO BERTÓN-FERROL CUN INVESTIMENTO DE 6.838.788 EUROS**

- ***A Consellería xa ten adquirido por mutuo acordo o 82 por cento dos 165.000 metros cadrados necesarios para construír 1.300 vivendas protexidas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a adquisición dos terreos do Berón-Ferrol cun investimento de 6.838.788 euros. Trátase dunha superficie total de 165.000 metros cadrados que integran o Sector nº 1 do Bertón e terreos adscritos do Montón, nos que está prevista a construción de aproximadamente 1.300 vivendas protexidas.

O 82% dos terreos xa foron adquiridos por mutuo acordo cos propietarios e os 29.090 metros cadrados restantes, o 18%, serán adquiridos a través dun expediente de expropiación. A Consellería de Vivenda e Solo espera ter adquiridos o 100% dos terreos de O Bertón antes de que remate o 2006.

Os propietarios de terreos afectados recibirán unha carta individual e certificada comunicándolles o inicio do expediente de expropiación. A partir da data de recepción da carta terán un mes para presentar posibles alegacións. Ademais o expediente expropiatorio permanecerá exposto ao público na Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo na Coruña (Praza Luís Seoane s/n 9º planta) e no Concello de Ferrol, durante un mes desde a publicación no DOG, para a presentación de alegacións por parte de todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas.

Por outra banda, a Consellería de Vivenda e Solo está a redactar o Proxecto de Urbanización do Bertón. Esta actuación supón a construción de aproximadamente 1.300 vivendas protexidas, tanto Vivenda de Promoción Pública (VPP) como Vivenda de Protección Autonómica (VPA).

Esta actuación permitirá por a disposición dos cidadáns de Ferrol vivendas a prezo taxado o que favorecerá o acceso a unha vivenda ás rendas medias e baixas. Entre 2000 e 2005 en Ferrol cualificáronse 914 vivendas protexidas, dato que amosa a importancia desta actuación no polígono do Bertón.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DE ELVIÑA CUN INVESTIMENTO DE 5.707.237 EUROS

- ***Esta actuación suporá a construción de 400 vivendas protexidas destinadas á comunidade universitaria en réxime de alugueiro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a adquisición dos terreos de Elviña cun investimento de 5.707.237 euros. Neste ámbito, de 45.000 metros cadrados, está prevista a construción dunha área residencial con arredor de 400 vivendas protexidas destinadas á comunidade universitaria que serán adxudicadas en réxime de aluguer.

A adquisición dos terreos farase a través dun expediente de expropiación que, segundo as previsións da Consellería, estará finalizado antes de que remate o ano. Por outra banda está en marcha un Concurso Internacional de Ideas para o desenvolvemento da Área Residencial Universitaria de Elviña. A este concurso presentáronse un total de 38 propostas procedentes de Portugal, Italia e Suíza ademais de Galicia e o resto do Estado.

Unha vez designada a proposta gañadora, a Consellería procederá a contratar a realización do proxecto de execución da urbanización e das vivendas desta área residencial, e posteriormente as obras. Segundo as previsións da Consellería as vivendas estarán rematadas a finais de 2008.

A Consellería de Vivenda e Solo prevé unha inversión de 1,8 millóns de euros para a urbanización dos terreos, de forma que a inversión total prevista para o desenvolvemento desta actuación en materia de vivenda protexida será de 7,4 millóns de euros.

Estas 400 vivendas promovidas pola Consellería de Vivenda e Solo serán adxudicadas en réxime de aluguer e terán como destino a comunidade universitaria. No conxunto de edificacións deberá planificarse a construción de espazos comúns como unha cafetería, un supermercado, dous locais para servizos sociais e para administración, información, caixas de correo e teléfonos. Tamén se deberán prever as prazas de garaxe previstas polas ordenanzas.

## **O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA PARA OS ANOS 2007-2013 CONTARÁ CON MÁIS DE 1.200 MILLÓNS DE EUROS DE FONDOS EUROPEOS**

O goberno galego prevé recibir un total de 1.175,2 millóns de euros -durante o periodo 2007-2013- procedentes dos fondos FEADER e da cofinanciación do Estado para levar a cabo o Plan de Desenvolvemento Rural en Galicia. Así se desprende dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola Consellería do Medio Rural, no que se reflicte ademais que “malia que esta contía é lixeiramente inferior á do periodo 2000-2006, haberá que sumarlle os fondos Feder que ascenden a un total de 41,1 millóns de euros, unha partida inexistente nos anos anteriores”. Polo tanto, a nosa comunidade disporá en conxunto dunha partida de 1.216 millóns de euros para programas de desenvolvemento rural.

Ademais, segundo se recolle no documento presentado hoxe, hai que ter en conta que as perspectivas dos fondos da UE para o periodo 2007-2013 contemplaban unha importante redución nos Países da UE-15. Neste contexto, España é o Estado membro que sofre un maior recorte nos fondos, unha caída que se sitúa entre o 23 e o 40%, cifra que varía se se teñen en conta ou non os fondos de modulación e as axudas ás producións de algodón e de tabaco.

Neste escenario, o Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural, mantivo unha posición clara en referencia a dúas cuestións. En primeiro lugar, na defensa de que a diminución de fondos en Galicia debía ser inferior á do resto do Estado, dado que a nosa comunidade inclúese dentro das comunidades obxectivo de converxencia. Por outra banda, o informe recolle que a redución ten que ser compensada cun aumento da cofinanciación do Estado, de xeito que a suma do FEADER e a contribución estatal presente unha evolución mellor que a media española.

Tras unha serie de negociacións por parte dos responsables de Medio Rural, a proposta ofrecida polo MAPA responde, en boa medida, a estas dúas esixencias, aínda que se continuarán coas negociacións co obxectivo de ampliar esta partida, de acordo co peso que ten o sector agropecuario na economía galega, e no conxunto do Estado, e a situación de dispersión poboacional e de déficit de infraestruturas e de servizos que caracteriza o medio rural galego.

## **GALICIA RECIBIRÁ MÁIS DO 63% DOS FONDOS EUROPEOS DA PESCA PARA REXIÓNS DE CONVERXENCIA**

- ***No anterior reparto de fondos comunitarios (IFOP), a comunidade galega acadara un 50,6 % do total repartido fronte ao 63,61% conseguido esta semana***

A Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou hoxe ao Consello da Xunta da Conferencia Sectorial de Pesca onde se acordou o reparto de 1.005.400.000 euros do novo Fondo Europeo da Pesca que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007 e que estará vixente ata 2013. Desta cifra global, a Galicia correspóndelle un 63,61% (máis de 380,7 millóns de euros) do total repartido entre as rexións obxectivo de converxencia, o que a converte na comunidade máis beneficiada. Pesca espera aumentar esta cifra xa que hai comunidades autónomas que executan menos cartos dos que lle corresponden e cuxos fondos se repartirán entre as rexións que sí executen todo o orzamento previsto. Neste senso, a Consellería de Pesca destaca que no período de Fondos IFOP, que remata o 31 deste mes, Galicia acadara 75 millóns de euros máis do previsto no reparto inicial.

Paralelamente, Pesca subliña que cos recursos europeos repartidos esta semana, o departamento que dirixe continuará coa política posta en marcha ao longo deste ano orientada a consolidar o liderado de Galicia na industria da transformación, a potenciar a actividade acuícola e a mellorar e modernizar a frota de baixura. Neste senso, lembrou as accións que se están levando a cabo destinadas a potenciar a diversificación da actividade pesqueira o a mellorar a comercialización dos produtos.

### **Próximo Consello de Ministros da UE**

Outra das cuestións abordadas durante a Conferencia Sectorial foi a posición que defenderá o Executivo central respecto ao reparto das cuotas pesqueiras para o ano 2007, que se debatirá no vindeiro Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea o 19 e 20 de decembro. Neste senso, a Xunta comparte con España a súa aposta por incrementar as posibilidades de captura daquelas pesqueirías que non presentan problemas científicos, como é o caso da pescada do norte, na que España pretende conseguir un incremento superior ao proposto pola Comisión Europea.

Por outra banda, no que se refire ás especies sometidas a plans de recuperación como a pescada e a cigala en augas ibéricas, a conselleira explicou que, a pesares de que a Comisión Europea persegue unha redución do 10 por cento, a delegación española solicitará manter a mesma cuota do 2006.

## **A XUNTA PON EN MARCHA MEDIDAS EXCEPCIONAIS PARA MELLORAR A CALIDADE DAS AUGAS NO BANCO MARISQUEIRO DOS PRACERES, EN PONTEVEDRA**

- ***O obxectivo é que esta zona recupere a cualificación B que permitiría aos mariscadores vender o seu produto directamente ao consumidor***
- ***As obras consistiron na eliminación de puntos de vertedura e na mellora da rede de saneamento no Cabo e no colector xeral de Marín***
- ***Os traballos desenvolvéronse co fin de solucionar as verteduras que levaron a que o citado banco obtivese a cualificación de zona C da Unión Europea***

A Consellería de Medio Ambiente deu conta hoxe ao Consello da Xunta das actuacións de emerxencia acometidas coa finalidade de solucionar as verteduras ao banco marisqueiro dos Praceres (Pontevedra), que fixeron que o citado banco obtivese a cualificación de zona C da Unión Europea. Esta cualificación implica a imposibilidade de comercializar marisco directamente ao consumidor. Coa finalidade de evitar os prexuízos económicos que esta cualificación supón para os profesionais que traballan nesa zona, a administración decidiu acometer diversas melloras na rede de saneamento para que o banco marisqueiro mellorase a súa denominación.

As obras consistiron na eliminación de tres puntos concretos de vertedura: a instalación dun bombeo no Cabo, para dirixir estas augas residuais á depuradora dos Praceres; o arranxo dun saneamento no Santo e a mellora dun tramo de colector e do bombeo en Marín. As actuacións comezaron o pasado 18 de outubro e remataron a finais do mes de novembro e supuxeron un investimento de 216.606 euros por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

A necesidade de acometer estas obras canto antes debeuse á entrada en vigor da nova normativa comunitaria de clasificación das zonas marisqueiras o 1 de xaneiro de 2006, aínda que o regulamento data de 2004. O Goberno galego, neste caso a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, fixo unha profunda revisión do sistema de mostraxe utilizado ata a data coa finalidade de delimitar ao máximo as zonas que tiñan cualificación C. Deste xeito, no caso de Pontevedra, e grazas á intensidade das mostraxes realizadas, a ría quedou dividida en dúas zonas: unha B e outra C. É precisamente a última destas zonas da ría pontevedresa, a que vai dende a punta máis externa do dique sur da canle ata punta Os Praceres e a ponte da autoestrada, a que se intentou mellorar de cualificación coas obras acometidas polo departamento de Medio Ambiente. O paso desta zona da ría de C a B permitiría aos mariscadores vender o seu produto directamente ao consumidor, tras o paso por unha depuradora, mentres que agora só poden vender ás empresas de transformación ou reinstalar o molusco durante un tempo longo nunha zona limpa.